



CIRCULAR INFORMATIVA ELECCIÓNS CONSELLO ESCOLAR 2024

De acordo ao establecido na lexislación vixente e seguindo a Resolución do 10 de setembro de 2024, convócanse eleccións para elixir aos representantes das nais, pais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do noso centro. A continuación se resumen brevemente os principais aspectos a ter en conta nestas eleccións, na que se **RENOVARÁN TRES REPRESENTANTES NO SECTOR DAS FAMILIAS**:

1. O **Consello escolar** é o órgano de participación no centro dos diferentes membros da comunidade escolar. A súa composición é:
 - a. 5 representantes de nais, pais ou titores legais.
 - b. 1 representante a proposta do Concello de Pontedeume.
 - c. 5 representantes do profesorado.
 - d. Director/a.
 - e. Xefe/a de estudos.
 - f. Secretario/a (con voz pero sen voto).
2. **Representantes do sector das familias**:
 - a. **Electores**: todas as nais, pais e titores legais do alumnado matriculado no centro.
 - b. **Candidatos/as**: aqueles electores que presenten a súa candidatura por escrito ante a Xunta Electoral do centro, que está formada pola directora, unha representante das familias e unha profesora do centro. O modelo de presentación da candidatura está dispoñible na dirección do centro.
 - c. **Eleccións**: se realizarán ante a mesa electoral presidida pola directora do centro e catro nais, pais ou titores legais, designados mediante sorteo público nas próximas datas.
 - d. **O voto será secreto, directo e non delegable**. Para votar, é necesario figurar no **censo electoral dos responsables** do alumnado do centro, que se poderá consultar no centro escolar. Así mesmo deberase acreditar a identidade a través do DNI. Cada elector fará constar na súa papeleta **un nome** da lista de candidatos.

A directora deste centro e presidenta da Xunta Electoral, Cristina Sánchez Piñeiro, fai pública a convocatoria de eleccións dos representantes dos pais/nais/titores legais do alumnado no Consello escolar, de acordo coas seguintes instrucións:

Primeiro.- A votación terá lugar no centro na data, hora e lugar indicados:

Data: 18 de novembro.

Hora: de 16:30 a 18:30 horas.

Lugar: na entrada do centro.

Segundo.- As candidaturas deberán ser **presentadas por escrito na dirección do centro ou a través dunha mensaxe ao e-mail do centro e dirixidas á presidenta da Xunta Electoral entre o venres 1 e o venres 8 de novembro (ata as 14:30 horas)**, segundo o modelo normalizado que se atopa na dirección do centro e na **páxina web**. A Xunta electoral proclamará a lista de candidatos/as admitidos/as que publicará o 11 de novembro no taboleiro do centro. **O prazo de reclamación de candidaturas**, que se presentarán por escrito e dirixidas ao presidente da Xunta Electoral, será o 12 e o 13 de novembro (ata as 14:30 horas). As resolucións da Xunta Electoral publicaranse, de existir, o 14 de novembro.

Terceiro.- Os **censos electorais publicaranse o 30 de outubro** e poderanse consultar no taboleiro do centro. As reclamacións aos mesmos poderán ser presentadas, por escrito, dirixidas á presidenta da Xunta Electoral, ata as 14:30 do mércores 6 de novembro. A Xunta Electoral publicará as resolucións ás reclamacións presentadas sobre o censo o 11 de novembro.

Cuarto.- A Xunta Electoral do centro resolverá calquera dúbida, consulta ou reclamación que xurdise. Contra as resolucións da Xunta Electoral poderase reclamar ante o Delegado Provincial de Educación no prazo de quince días.

O proceso deu comezo o pasado 18 de outubro coa celebración do sorteo público dos membros que forman a Xunta Electoral.

Andrade, 30 de outubro de 2024

A presidenta da Xunta Electoral

Cristina Sánchez Piñeiro

